

**IN MEMORIAM**  
**M<sup>a</sup> FE VÁZQUEZ ARMADA**



O 26 de decembro do 2016 deixounos a profesora M<sup>a</sup> Fe Vázquez Armada, a entrañable Marifé para todos os que tivemos a sorte de coñecela e de compartir con ela bos momentos.

M<sup>a</sup> Fe, natural da Casa de Armada de Becerreá, estudou Maxisterio en Lugo e proseguíu Estudos Comúns da Licenciatura de Filosofía e Letras en Santiago, que continuou na especialidade de Pedagogía en Madrid. De volta en terras lucenses, incorporouse a antiga Escola Normal na que impartiu as materias de Pedagogía I e II do plan de estudos de 1967 e foi profesora de Didáctica Xeral e outras materias na denominada despois Escola de Formación do Profesorado de Lugo, onde desenvolveu un encomiable labor educativo de futuros mestres e mestras.

A súa tese de doutoramento, dirixida polo profesor Carlos Rosales, sobre «La Formación permanente del profesorado de niveles no universitarios a través de los centros de profesores y centros de recursos: especial alusión a Galicia», foi a primeira que se defendeu na Escola de Formación de Profesorado de Lugo, marcando así un camiño que logo seguirán outros e outras.

M<sup>a</sup> Fe formou parte do consello de redacción e do consello asesor da revista *Innovación Educativa*, na cal tamén colaborou con interesantes achegas; o seu labor foi sempre impecable, discreto e construtivo, un exemplo para todos nós. Xubilou da docencia en setembro do ano 2002, e a revista dedicoulle o número 14, en recoñecemento aos seus méritos.

A finais do pasado ano 2016 deixounos, pero segue con nós o seu espírito amable e o seu exemplo de mestra de Mestres. Para ela o noso aprecio e os versos doutra mestra insigne, Gabriela Mistral: “Enseñar y amar intensamente sobre la Tierra es llegar al último día con el lanzazo de Longinos de costado a costado”.

Ángel Serafín Porto Ucha  
Raquel Vázquez Ramil